

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUROS

Data: 28 de decembro de 2018

Hora de comezo: 14.45 h

Hora de remate: 15.15h

Asistentes:

Alcaldesa: Da. M^a Xosé Alfonso Torres (CxG)

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)

Da. M^a Inés Monteagudo Romero (PP)

Da. Alianza Uhía Patiño (PP)

D. Jose Vázquez Rama (PP)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

D. Enrique Riomayor Caamaño (PSOE)

Da. M^a del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Manuel María García Fernández (BNG)

Dna. Paula Simil Mayo (BNG)

Ausentes: . José Ángel Hermida Simil (PP)

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existindo alegacións ao acta da sesión anterior, queda aprobada coas abstencións de Da. Alianza Uhía e D. Enrique Riomayor, ausentes na sesión anterior.

2.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2018.

A Sra. alcaldesa explica: “Como vistes na proposta trátase de dar aprobación a unhas facturas que están conformadas, os servizos prestados e existe dotación para pagalas.”

Inicia o debate a voceira do PP, a Sra. Monteagudo: “A metade máis ou menos, das facturas corresponde a Gas Natural Fenosa e cremos que son anteriores ao acordo de adxudicación da subministración, coa adhesión ao acordo marco da Femp. Non sei se hai máis. Chámanos a atención facturas como a de Euloce, con data do 23 de xaneiro de 2017 e entrada no Concello do 5 de xullo de 2018. Hai máis facturas nese caso. Non está pagada a factura de convenios, nin do SAF de outubro e novembro de 2017 e sobre todo non están pagadas as de emerxencia social e alimentos de outubro de 2017.

Aínda así, e como consideramos que como parte dos problemas que puxemos de manifesto sobre a subministración de enerxía e pedimos que se axustase á normativa está resolto e hai facturas pendentes, para facilitar o seu abono imos absternos.”

A continuación intervén a voceira do PSOE, Da. Caridad González: “Este REC aparece como 1/2018 e xa levamos máis intentos de abono de facturas. Nós imos a ser coherentes coa nosa idea e aparte de que non hai orzamento, as prioridades do grupo municipal non foron pagar ás asociacións ni a emerxencia social e por iso as traen aquí. Seguramente pagaron outras facturas que non eran tan urxentes e agora queren facernos responsables da súa ineptitude. Ademais aparecen facturas de Espina e Delfín, e debería de verse primeiro o que Espina e Delfín nos debe antes de abonarlles as facturas. Non somos quen para dicir que se paguen esas facturas cando o grupo de goberno puido aboalas antes e ademais estamos convencidos de que hai máis facturas pendentes de abono en diferentes departamentos, sen conformar os pendentes de trámites e por todo isto imos votar en contra.”

Seguidamente intervén o voceiro do g.m. BNG, o Sr. García Fernández: “Nós por coherencia votaremos a favor, como sempre que se trae REC ao Pleno e porque cremos que todas as empresas que prestaron servizos a este concello deben de cobrar e pese a que nesta lexislatura antepúxose o interese partidista ao xeral da veciñanza dende o primeiro momento no que se puxo na Alcaldía un grupo que se sabía que non ía a poder facer as cousas sen apoio e aínda agora séguese a pór atrancos ao goberno municipal. Nós intentamos ser

xustos coa veciñanza co fin de que non se vexan prexudicados polas malas praxes políticas desta lexislatura. Agradecemos o cambio de actitude do PP coa abstención e queremos insistir en que o goberno faga un último esforzo e aprobe o orzamento.”

Volve a intervir a voceira do g.m. PP, a Sra. Monteagudo: “Queremos insistir en que a xestión do grupo de goberno deixa moito que desexar, e sabemos que con facturas que é preciso aboar métese outras que non son así. Fíxose un esforzo coa contratación da subministración eléctrica e esperamos que se siga por ese camiño e ogallá poidamos aprobar o orzamento antes do final da lexislatura. Chámanos a atención tamén o de Espina e Delfín pero supoñemos que o servizo correspondente lle deu o visto bo.”

Seguidamente volve a intervir a voceira do g.m. do PSOE, a Sra. González: “Mantemos o noso discurso e non queremos ser cómplices necesarios. O BNG esquecese de que cando o PSOE tiña 6, o BNG gobernou co PP e ademais tamén foron cómplices necesarios deste goberno durante catro anos. Cando levantamos man para nomeala alcaldesa criamos na súa cordura e non a tivo durante estes catro anos. Demos un exemplo de humildade para lograr que se gobernase dende a esquerda pero non houbo responsabilidade pola súa parte, nós tampouco a teremos. **Chirría** que o BNG, que non fixo nada nesta lexislatura, diga agora que son responsables para que se paguen facturas. Seguimos mantendo a nosa posición, queremos que cobren os provedores e o deixamos claro. Nós fomos os únicos que tivemos orzamento, que vostedes están usando porque son incapaces de facer un, nin o PP nin o BNG. Aínda que aprobemos isto, vostedes non van a ser capaces de pagar.”

O voceiro do g.m. BNG, o Sr. García, volve a intervir: “Para valorar o traballo do BNG nestes últimos catro anos basta coa hemeroteca ou o canal You Tube, ou ver as mocións e propostas que se trouxeron a Pleno e comparalas coas que trouxeron os outros partidos. Revise os rogos e preguntas que fixemos. Vós non estades normalmente e non vedes as nosas intervencións e non vos interesa saber que pasa se non estades. Ademais equivocádevos de inimigo

porque se queredes que governe a esquerda, non podeis botar peste contra o BNG e o CxM.”

Volve a intervir, por alusións, a Sra. González: “Non se dirixa a mi, somos un grupo e cunhas siglas detrás, o PSOE de Galicia.”

A continuación toma a palabra a Sra. alcaldesa: “Antes de nada agradecemos a actitude no g.m. PP neste caso. Respecto a se hai máis facturas de Gas Natural Fenosa, cremos que non. En canto ás facturas das asociacións folclóricas non se puideron pagar polos cambios de criterios na Intervención municipal, foi pasando o ano e quedaron sen pagar. Co novo interventor considerouse que a través do REC poderíanse aboar e non queriamos deixalo sen facer. Reiteramos o noso agradecemento ao BNG e respecto ao PSOE é chocante que digan que son os primeiros en querer pagar aos provedores e sempre votan en contra. En canto ao que di de que me botaron contando coa miña cordura etc, todos e todos sabemos que me votou para molestar dunha vez ao PP e a nós porque pensaba que en dous días íamos deixar o cargo. Saíulle mal.”

Sometido o asunto a votación, por cinco votos a favor do grupo municipal CxG (3) e BNG (2), a abstención do g.m. PP (3) e os votos en contra do g.m. PSOE (4), o Pleno acorda:

Primeiro. Resolver a discrepancia formulada pola Intervención municipal con data 11/12/2018, deixando sen efecto o carácter suspensivo do reparo formulado e por conseguinte aprobar o expediente núm. 1/2018 de recoñecemento extraxudicial de créditos e recoñecer obrigas a favor dos seguintes interesados e polos seguintes importes:

Ver Anexo

Segundo. Condicionar a eficacia do acordo anterior, en canto afecta exclusivamente ás seguintes facturas emitidas por “Son a Túa Axuda S.L.”, a executividade do acordo do Pleno da corporación adoptado en sesión celebrada o 25/10/2018 polo que se aproba inicialmente o expediente núm. 2209/2018 de transferencias de crédito, quedando cumprida a condición mediante a publicación no BOP do anuncio de elevación automática a definitivo do acordo inicial e sen que sexan precisos ningún trámite adicional para súa acreditación.

Nota: A relación de facturas ás que se refire o acordó, incorpóranse como anexo a este acta.

Non existindo máis asuntos dos que tratar, levántase pola Sra. alcaldesa, a sesión. Do tratado nela, Dou Fe.

Vº e prce

A Alcaldesa